



Nota de prensa

O Colexio de Biólogos de Galicia (COBGA), con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, mostra o compromiso dos biólogos e biólogas cun planeta sen plásticos.

Santiago, 2 de xuño de 2023.- O tema arredor do que se organiza este ano o Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño) é **un planeta #SenContaminaciónPorPlásticos**, con el se pretende interpelar á poboación de todo o mundo en favor dun planeta libre desta contaminación. Cada ano vértense nos océanos 8 millóns de toneladas de plástico, o que ameaza a vida mariña e humana, e destrúe os ecosistemas naturais. O obxectivo é concienciar sobre a necesidade de reducir a cantidade de plástico que termina nos nosos océanos.

Neste sentido, o COBGA desenvolveu nos últimos anos dous proxectos sobre a problemática do lixo no medio mariño. O primeiro, en colaboración co Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia, foi a **"Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia"** con dúas edicións e posteriormente, o ano pasado co proxecto **"Stop and Help. Que o lixo non chegue oa mar"**, dentro do programa Xacobeo.

Neles tratábase de fomentar o coñecemento sobre o problema do lixo no medio mariño e a participación da sociedade na súa solución con actividades de divulgación e accións directas na limpeza dos areais nas nosas costas e arquipélagos.

O problema dos plásticos non se escapa a polarización das políticas ambientais que denuncia o Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos na súa nota de prensa (<https://cgcob.es/05-de-junio-2023-dia-mundial-del-medio-ambiente/>). Fenómeno actual que consiste na xeración de dous extremos antagonistas que converten ás posicións equilibradas, razoadas e profesionais en accesorias, e sen influencia na toma de decisións. Como exemplo a discusión de se un envase dun só uso, pero cun 65% de material reciclado, e sostible ou non.

O COBGA reitera a súa aposta por unha economía baseada no respecto polo ambiente e a sostibilidade como único medio de conservar a nosa casa común e pon a disposición dos/as interesados/as os materiais dos proxectos

Guía de boas prácticas para evitar a chegada de lixo ao mar
https://biologosdegalicia.org/pdf/guia-de-boas-practicas_270818_gal.pdf

Poster Lixos Mariños <https://biologosdegalicia.org/pdf/tipos-basuras-marinas.pdf>

Curtametraxe

"Ponle

Remedio"

<https://www.youtube.com/watch?reload=9&v=8UHCHRevPFM>

Curtametraxe "Escoita ó mar, é a hora de actuar!"
<https://www.youtube.com/watch?v=8T126q6ThTw>

Folla informativa a peregrinos/as <https://www.biologosdegalicia.org/pdf/folla-informativa-peregrinos.pdf>
e https://www.biologosdegalicia.org/pdf/marcapaginas_6x15.pdf marcapáxinas

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia
682546054 (Pablo Fernandes)